

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O
CONCELLO DE ROIS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL**

REUNIDOS

Dunha parte, Inés Santé Riveira, actuando en nome e representación da **Consellería do Medio Rural** da Xunta de Galicia, na súa calidade de directora xeral de Desenvolvemento Rural en virtude do Decreto 155/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190 do 18 de setembro de 2020), e ao abeiro da Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223 do 23 de novembro de 2015).

Doutra parte, **Ramón Tojo Lens** actuando en nome e representación do Concello de **Roís** na súa calidade de alcalde/sa-presidente/a, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio, e para o efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural, na forma establecida no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

SEGUNDO.- O concello de **Roís** presenta unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu ámbito territorial, producíndose carencias importantes que frean o seu desenvolvemento rural.

TERCEIRO.- A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, vén de determinar as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos, entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.





- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

CUARTO.- As partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego.

O concello de **Roís** considera necesaria a execución da seguinte obra de infraestrutura rural **"Acceso a Tourís e Ferreiros"**, con destino ao uso ou servizo público, sen que poidan acometer a súa execución por razóns orzamentarias. A Consellería do Medio Rural, en uso das súas competencias, coincide co Concello no uso público da obra.

Xa que logo, as partes, ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas, recoñecendo capacidade para formularen o presente ACORDO DE COOPERACIÓN, conveñen na súa formulación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente Acordo a execución por parte da Consellería do Medio Rural da obra sinalada no anterior apartado 4, titularidade do concello de **Roís**, e destinada ao uso público, conforme ao proxecto establecido.

Segunda.- Obrigas da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural asume a realización das obras sinaladas con cargo aos seus orzamentos, correspondéndolle en exclusiva a súa licitación ou encargo, tramitación e dirección.

O importe máximo que se destinará ás obras obxecto do presente convenio é de **45.000,00 €**.

A diferenza entre o importe anterior e o que resulte do proceso de adxudicación quedará a disposición da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo das modificacións que foran necesarias que en ningún caso poderá superar o importe máximo sinalado no parágrafo anterior.

Terceira.- Financiamento

As obras obxecto de contrato son financiadas con fondos propios. O financiamento será con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.551A.604.1, coa seguinte distribución por anualidades:

2023: 45.000,00 €

Cuarta.- Obrigas do Concello

O concello de **Roís** en relación coa obra obxecto deste Acordo, asume as seguintes obrigas, segundo **resolución da alcaldía con data 27/10/2022**:



- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.
- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.
- Asumir -unha vez recepcionada/s a/s obra/s provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.
- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no proxecto, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito concello.

Asemade, deberá acreditar mediante certificación da súa Secretaría a efectiva dispoñibilidade dos terreos e a adecuación das obras á normativa urbanística así como, no seu caso, achegar copia dos permisos e autorizacións sectoriais necesarios para a execución da totalidade da obra.

Quinta.- Entrega das obras

Unha vez recepcionadas as obras pola Consellería, esta deberá poñelo en coñecemento do Concello, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do Concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.

Sexta.- Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada pola directora xeral de Desenvolvemento Rural como representante da Consellería de Medio Rural e o alcalde ou alcaldesa como representante do Concello, ou persoas nas que deleguen.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

Sétima.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega, segundo o establecido na cláusula quinta, sen que poida exceder do máximo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público.

O anterior entenderase sen prexuízo de que o gasto que comporta para a Consellería se circunscriba ao exercicio orzamentario reflectido na cláusula segunda.





Oitava.- Resolución

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes, debendo, se é o caso, ser indemnizados os compromisos económicos orixinados até o momento da denuncia, á parte contraria.
- O incumprimento das cláusulas do Convenio e/ou as imposibilidades do seu desenvolvemento.
- O mutuo acordo das partes.

Novena.- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante “addenda” cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula segunda do convenio.

Décima.- Natureza

Este Convenio ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, quedando excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar, segundo o artigo 4 da citada lei.

Rexerase polas súas propias cláusulas e suplementariamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa de interpretalo, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable e suplementariamente serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo segunda.- Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei



orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade, asínase dixitalmente o presente convenio.

POLA XUNTA DE GALICIA
O conselleiro,
(P.D. Orde do 17.11.2015 DOG núm. 223
do 23.11.2015)
A directora xeral de Desenvolvemento
Rural

POLO CONCELLO DE ROIS
O ALCALDE-PRESIDENTE,

Inés Santé Riveira

Ramón Tojo Lens

